



3 de marzo de 2008

Curso 2007/08 nº 18

Correo: boletin@edu.xunta.es



Boletín Informativo

Admisión de alumnado en centros públicos

Contido:

Curso de lingua inglesa no verán 2008. 2

Aulas Europeas 2

I Xornadas de Lingua 2

Congreso TECNO-NEE 2

Premios Ejército 2008 2

No [DOG nº 42](#) do 6 de febreiro sae publicada a orde do 19 de febreiro pola que se establece o prazo de presentación de solicitudes para a admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con

fondos públicos, nas ensinanzas de bacharelato, para o curso académico 2008-2009.

Unidades e postos de traballo docentes nos centros públicos

No [DOG nº 41](#) do mércores 27 sae publicada a Orde do 18 de febreiro pola que se modifica a do 6 de xullo de 2007 pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros

públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.

Avaliación e cualificación do alumnado de ensinanzas profesionais

No DOG saen publicadas as ordes que regulan a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de danza e de música.

anzas profesionais de danza. [Acceso.](#)

DOG nº 40º do martes 26 ensinanzas profesionais de música. [Acceso](#)

DOG nº 39 do luns 25 ensi-

Antonio Fraguas. Proxecto didáctico 6ª edición.

Convocada pola Fundación Antonio Fraguas, co que se pretende alentar entre a comunidade escolar un traballo sistemático orientado á educación patrimonial, ao coñecemento do medio e á posta en valor dos máis diversos ele-

mentos do noso acervo cultural. O premio ten dúas modalidades: ensino primario e ensino secundario. En cada unha delas elixirase un proxecto, a desenvolver durante o seguinte ano lectivo. O premio está dotado con 10.000

euros para cada modalidade, que se han dedicar integralmente á realización do proxecto. O prazo de presentación remata o 14 de abril de 2008.

[Máis información.](#)

Últimas novidades no portal de contidos educativos.

[Acceso](#)

A Coruña



Torre de Hércules



Concello Praza de María Pita



Rúa Juana de Vega



Fotos disponibles no portal de contidos

Cursos de lingua inglesa no verán de 2008

No [BOE nº 43](#) do martes 19 de febreiro sae publicada a Orden ECI/395/2008, do 4 de febreiro, pola que se convocan axudas para cursos de lingua inglesa, durante o verán

de 2008, destinados a xóvenes de entre 18 e 30 anos. O prazo de presentación das solicitudes remata o 27 de marzo de 2008.

Aulas Europeas

O Ministerio de Educación e Ciencia convoca dous cursos, de inglés e francés respectivamente, para profesorado non especialista en linguas estranxeiras. A orde ECI/497/2008 -BOE do 28-02-2008 estable-

ce que na primeira fase, celebrada en Madrid, impartiranse 60 horas de formación do 30 de xuño ao 11 de xullo, e que na segunda constará dun módulo de 40 horas desenvolvido do 14 ao 25 de xullo no

Reino Unido e Francia respectivamente. O prazo de presentación de solicitudes remata o 19 de marzo de 2008.

[Acceso ao BOE](#)

I Xornadas de Lingua

Os días 28 e 29 de marzo terán lugar nas dependencias da EGAP as I Xornadas de lingua e literatura. Profundarán en aspectos como currículo e competencias básicas; na actualización didáctica, difusión de experiencias e mate-

riais e na planificación lingüística e competencia comunicativa nas distintas etapas educativas. Nos relatorios plenarios participará Pilar Pérez Esteve, para tratar o tema da competencia en comunicación lingüística, Ignasi García Plata, que

se centrará na adquisición de aprendizaxes lingüísticas en comunidades bilingües e Víctor Moreno, cun relatorio sobre o traballo innovador coa gramática. [Acceso](#)

V Congreso de Tecnoloxía Educativa e Atención á Diversidade. III Xornadas de Logopedia Dixital

Os días 18, 19 e 20 de setembro vaise celebrar en Cartagena o V Congreso TECNO-NEE T 2008. Este congreso é un referente para todos aqueles docentes adicados á

atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e novas tecnoloxías. Aqueles profesionais que desexen facer unha comunicación ou asistir a dito

encontro poden facelo a través da súa páxina web.

[Acceso a máis información](#)

Premios Ejercito 2008

No BOE nº 22 do venres 25 de xaneiro sae publicada a Resolución 500/38003/2008, do 10 de xaneiro, pola que se fai pública a convocatoria de Premios, Ejército 2008. O obxectivo fundamental dos premios é fomentar e partici-


pación do persoal das institucións nun premio relacionado coa creación artística e literaria, referidos as múltiples aspectos do Exército de Terra Español no marco das forzas armadas. Modalidades de: pintura, fotografía, miniaturas

militares, ensinanzas escolares, investigación en humanidades e ciencias sociais, e curtometraxes.

[Acceso ao DOG.](#)

[Máis información](#)

Webs temáticos



Publicacións

- [LOE](#)
- [O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)
- [Plan de Convivencia](#)
- [Saudíña](#)
- [Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)
- [Alumnado con discapacidade motora](#)
- [Alumnado con problemas de conduta](#)
- [Alumnado con discapacidade intelectual](#)
- [Alumnado con sobredotación intelectual](#)

Ligaçon á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)